

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

- 3441** *Lei orgánica 3/2015, do 30 de marzo, de control da actividade económico-financeira dos partidos políticos, pola que se modifican a Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, a Lei orgánica 6/2002, do 27 de xuño, de partidos políticos, e a Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

ÍNDICE

Artigo primeiro. Modificación da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos.

Artigo segundo. Modificación da Lei orgánica 6/2002, do 27 de xuño, de partidos políticos.

Artigo terceiro. Modificación da Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas.

Disposición adicional primeira. Adecuación da contía de subvencións.

Disposición adicional segunda. Protección de datos de carácter persoal.

Disposición adicional terceira. Restitución ou compensación aos partidos políticos de bens e dereitos incautados.

Disposición transitoria primeira. Adaptación dos estatutos.

Disposición transitoria segunda. Adaptación do Plan de contabilidade.

Disposición transitoria terceira. Consolidación de contas de nivel local.

Disposición derogatoria. Derrogación normativa.

Disposición derradeira primeira. Modificación da Lei orgánica 1/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

Disposición derradeira segunda. Modificación da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición derradeira terceira. Modificación da Lei orgánica 3/1984, do 26 de marzo, reguladora da iniciativa lexislativa popular.

Disposición derradeira cuarta. Modificación da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.

Disposición derradeira quinta. Modificación da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Disposición derradeira sexta. Rango de lei ordinaria.

Disposición derradeira sétima. Aforamentos.

Disposición derradeira oitava. Plan de contabilidade adaptado ás formacións políticas.

Disposición derradeira novena. Facendas forais.

Disposición derradeira décima. Entrada en vigor.

PREÁMBULO

Os partidos políticos son axentes esenciais da vida política, económica e social. Como canle de participación dos cidadáns nos asuntos públicos, son suxeitos de dereitos.

Como partícipes na estrutura do propio Estado, deben ser e son suxeitos de obrigacións. Por isto, xunto á responsabilidade, debe ser a exemplaridade a que presida as actuacións destes entes que sustentan a centralidade social da democracia.

Os partidos políticos, tal e como sinala a Constitución española, expresan o pluralismo político, concorren á formación e manifestación da vontade popular e son instrumento fundamental para a participación política. A propia exposición de motivos da Lei orgánica 6/2002, do 27 de xuño, de partidos políticos, xa recoñeceu que os partidos políticos son entes privados de base asociativa, forman parte esencial da arquitectura constitucional, realizan funcións dunha importancia constitucional primaria e dispoñen dunha segunda natureza que a doutrina adoita resumir con referencias reiteradas á súa relevancia constitucional e á garantía institucional deles por parte da Constitución.

O núcleo da regulación vixente nesta materia está constituído, ademais de pola citada, pola Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, que se ocupa dun aspecto clave e indispensable do seu funcionamento, como o da obtención de recursos para o desenvolvemento da súa actividade.

Esta última norma foi recentemente reformada pola Lei orgánica 5/2012, do 22 de outubro, de reforma da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, coa finalidade de combinar adecuadamente a suficiencia de ingresos e a austeridade, reforzar os mecanismos de control do financiamento dos partidos políticos e incrementar a transparencia que debe inspirar a súa actuación.

Porén, de acordo co sentir social e o compromiso subscrito pola maioría dos grupos parlamentarios no Congreso dos Deputados durante o mes de febreiro de 2013, no momento presente cómpre a adopción dunha lei que inclúa novas medidas de vixilancia da actividade económico-financeira dos partidos políticos, coa cal se avance aínda máis na transparencia e no control a que deben estar sometidos.

Esta lei orgánica de control da actividade económico-financeira dos partidos políticos supón a modificación, ademais das dúas leis citadas, da Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas; da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial; da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa; da Lei orgánica 3/1984, do 26 de marzo, reguladora da iniciativa lexislativa popular; da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral e, por último, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

De acordo co anterior, a lei divídese en tres artigos –nos cales se modifican respectivamente a Lei orgánica sobre financiamento dos partidos políticos, a Lei orgánica de partidos políticos e a Lei orgánica do Tribunal de Contas–, tres disposicións adicionais, tres disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e dez disposicións derradeiras.

No artigo primeiro introdúcense numerosas novidades de relevancia no réxime de financiamento de partidos políticos, entre as cales cabe destacar a mellora da regulación da canle a través da cal se deben realizar as doazóns; a clarificación do concepto de doazón a un partido político, a referencia á recepción destas mediante mecanismos de financiamento participativo, a previsión de supostos de devolución de doazóns indebidas e de ingreso no Tesouro; a prohibición de doazóns aos partidos políticos procedentes de persoas xurídicas e de condonacións de débeda por entidades de crédito; a ampliación da información económica e contable que, de acordo co principio de transparencia, os partidos políticos e as fundacións e entidades vinculadas ou dependentes deles deben facer pública; a regulación da figura do responsable da xestión económico-financeira e a súa comparecencia ante a Comisión Mixta do Tribunal de Contas; a obrigatoriedade para os partidos de aprobar unhas instrucións internas en materia de contratación e establecemento dos principios en que se deberá inspirar aquela actividade; a introdución en materia de financiamento, xunto ás faltas moi graves, de faltas graves e leves e os seus correspondentes prazos de prescrición; a previsión de sancións para cada tipo de infracción, ou a especificación das circunstancias que determinan a existencia de «vinculación» dunha fundación ou dunha asociación a un partido.

No artigo segundo procédese á modificación dalgúns preceptos da Lei orgánica de partidos políticos. Así, recoñéceselles a todos os cidadáns da Unión Europea a capacidade para crear partidos políticos, de acordo co criterio mantido pola Comisión Europea no seu informe ao Parlamento Europeo e ao Consello (9/3/2012) sobre a aplicación da Directiva 94/80/CE pola que se fixan as modalidades de exercicio do dereito de sufraxio activo e pasivo nas eleccións municipais por parte dos cidadáns da Unión residentes nun Estado membro do cal non sexan nacionais. Por outro lado, detállase o contido mínimo que os estatutos deben recoller, o que permitirá superar a disparidade existente entre partidos políticos na práctica e afondar no seu funcionamento democrático. Ademais, como consecuencia da consideración dos partidos como suxeitos penalmente responsables, introdúcese a obrigaón para estes de adoptar un sistema de prevención e supervisión para os efectos previstos no Código penal. Por outro lado, aclárase o réxime xurídico dos afiliados aos partidos políticos, o que se traduce nunha mellora técnica da norma. Como novidade de enorme transcendencia práctica introdúcese tamén un procedemento de declaración xudicial de extinción de partidos, que redundará nunha depuración e nunha mellora do funcionamento do Rexistro de Partidos Políticos ao permitir, mediante a tramitación dun procedemento en que se garante a intervención xudicial, cancelar a inscrición rexistral de partidos que, en atención ás circunstancias que se consideran, se consideran inactivos. Por último, como novidade relevante, establécese a obrigatoriedade da inscrición das fundacións e entidades vinculadas no Rexistro de Partidos, o que constitúe requisito para concorrer ás convocatorias de subvencións.

No artigo terceiro introdúcense previsións innovadoras na Lei orgánica do Tribunal de Contas. Cabe destacar neste sentido a referencia a que a función fiscalizadora se estenda a verificar o sometemento da actividade económico-financeira do sector público aos principios de transparencia, sustentabilidade ambiental e igualdade de xénero, a atribución de potestade regulamentaria a esta institución no atinente ao seu auto organización, así como a posibilidade de que se establezan fórmulas de colaboración entre o Tribunal e determinados organismos públicos e entidades de crédito, para a obtención da información necesaria para a correcta fiscalización das contas dos partidos políticos e fundacións e entidades vinculadas.

Nas disposicións adicionais prevese, por un lado, un mecanismo para dotar de estabilidade determinadas subvencións públicas que perciben os partidos, ante o endurecemento dos límites impostos para a obtención de financiamento procedente de fontes privadas. Por outro lado, dispónse o carácter especialmente protexido dos datos contidos na relación anual de doazóns efectuadas por persoas físicas a partidos políticos e a súa suxeición ao réxime previsto para o efecto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

A disposición transitoria primeira concede aos partidos inscritos no Rexistro un prazo para adaptar os seus estatutos ao novo contido mínimo previsto na Lei orgánica de partidos políticos, ademais do apercebimento de que, en caso de incumprimento desta obrigaón, se porá en marcha o procedemento de declaración xudicial de extinción. Con isto facilítase a depuración do Rexistro de Partidos, no cal figuran inscritos varios miles, nunha gran maioría inactivos. A disposición transitoria segunda prevé o réxime aplicable á documentación contable que os partidos políticos deben presentar ante o Tribunal de Contas mentres esta institución non adapte á presente lei o Plan de contabilidade adaptado ás formacións políticas, de acordo co disposto na disposición derradeira oitava.

De acordo co anterior, a disposición derogatoria deixa sen efecto a disposición adicional oitava da Lei orgánica sobre financiamento dos partidos políticos.

Por último, nas disposicións derradeiras, ademais da entrada en vigor da norma e da atribución de rango de lei ordinaria a determinados preceptos, contéñense modificacións da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, e da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, ambas derivadas da creación do procedemento de declaración xudicial de extinción de partidos políticos previsto no artigo segundo. Ademais, recóllese unha modificación da Lei orgánica 3/1984, do 26 de marzo,

reguladora da iniciativa legislativa popular, para permitir que unha persoa designada pola comisión promotora sexa chamada a comparecer na Comisión do Congreso de Deputados competente por razón da materia, con carácter previo ao debate de toma en consideración polo Pleno, para que expoña os motivos que xustifican a presentación da iniciativa legislativa. Tamén se prevé a modificación da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, para reducir en torno a un vinte por cento o importe das subvencións que perciben os partidos para o envío postal de propaganda electoral. Igualmente, modifícase a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, para privar da posibilidade de obter subvencións as persoas que fosen condenadas por delitos relacionados coa corrupción. Por último, nestas disposicións recóllese un compromiso de limitar a atribución ao Tribunal Supremo e aos tribunais superiores de Xustiza da competencia para o axuízamento de autoridades e cargos públicos e unha referencia ao réxime das facendas forais.

En suma, a adopción desta lei orgánica satisfai o compromiso parlamentario e alarga o ámbito das exixencias que contén, con outras moitas medidas que se considera imprescindible adoptar no momento actual, para someter os partidos políticos e as fundacións e entidades vinculadas a máis mecanismos de control e maiores exixencias de transparencia.

Artigo primeiro. *Modificación da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos.*

A Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, queda modificada como segue:

Un. Dáse nova redacción ás letras a) e b) do punto dous do artigo 2:

«a) As cotas e achegas dos seus afiliados.

b) Os produtos das actividades propias do partido así como daquelas reflectidas na documentación contable e sometidas ao control do Tribunal de Contas, que se veñan desenvolvendo tradicionalmente nas súas sedes e faciliten o contacto e a interacción cos cidadáns; os rendementos procedentes da xestión do seu propio patrimonio; os beneficios procedentes das súas actividades promocionais e os que se poidan obter dos servizos que poidan prestar en relación cos seus fins específicos.»

Dous. Engádense catro novos puntos ao artigo 3:

«Seis. Cando as subvencións estatais anuais previstas neste artigo superen a contía de doce millóns de euros, requirirase acordo previo do Consello de Ministros para autorizar a súa concesión. Esta autorización non implicará a aprobación do gasto que, en todo caso, corresponderá ao órgano competente para a concesión da subvención.

Sete. Non se poderá realizar o pagamento das subvencións anuais mentres o beneficiario non acredite que está ao día no cumprimento das súas obrigacións tributarias e da Seguridade Social na forma que se determine regulamentariamente, ou teña pendente algún reintegro de subvención ou axuda.

Oito. Reterase o pagamento das subvencións anuais ordinarias a aqueles partidos que nas datas establecidas incumprisen as obrigacións de presentar e facer públicas as súas contas conforme establece o artigo 14.

Nove. Todos os organismos e administracións públicas que concedan subvencións aos partidos políticos deberán facer público o detalle das subvencións aboadas e dos perceptores ao menos unha vez ao ano, de conformidade co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.»

Tres. Engádesse título e dáse unha nova redacción ao artigo 4:

«Artigo 4. *Achegas, doazóns, operacións asimiladas e acordos sobre condicións de débeda.*

Un. Achegas dos seus afiliados.

Os partidos políticos poderán recibir, de acordo cos seus estatutos, cotas e achegas dos seus afiliados.

Dous. Doazóns privadas a partidos políticos.

a) Os partidos políticos poderán recibir doazóns non finalistas, nominativas, en diñeiro ou en especie, procedentes de persoas físicas, dentro dos límites e de acordo cos requisitos e condicións establecidas nesta lei.

As doazóns recibidas conforme o disposto nesta lei, que terán carácter irrevogable, deberán destinarse á realización das actividades propias da entidade doadora.

Os partidos políticos non poderán aceptar ou recibir, directa ou indirectamente, doazóns de persoas físicas que, en exercicio dunha actividade económica ou profesional, sexan parte dun contrato vixente dos previstos na lexislación de contratos do sector público.

b) As cantidades doadas aos partidos políticos deberanse aboar en contas abertas en entidades de crédito exclusivamente para tal fin. Os ingresos efectuados nestas contas serán, unicamente, os que proveñan destas doazóns. Para tal efecto, o partido político comunicaralles ás entidades de crédito en que teña contas abertas e ao Tribunal de Contas cal ou cales son as que se encontran destinadas exclusivamente ao ingreso de doazóns. As entidades de crédito informarán anualmente o Tribunal de Contas sobre as doazóns que fosen ingresadas nas citadas contas.

c) Cando por causa non imputable ao partido político, o ingreso da doazón se efectuase nunha conta distinta ás sinaladas na letra b), aquel deberá proceder ao seu traspaso a unha conta destinada exclusivamente á recepción de doazóns no prazo de tres meses desde o peche do exercicio e informará de tal circunstancia o Tribunal de Contas, con expresión individualizada dos ingresos afectados.

d) Das doazóns previstas na letra b) quedará constancia da data de imposición, do seu importe e do nome e identificación fiscal do doador. A entidade de crédito onde se realice a imposición estará obrigada a expedir ao doador un documento acreditativo en que consten os aspectos anteriores. A aceptación das doazóns de efectivo entenderase producida se no prazo establecido no punto anterior non se procedese á súa devolución ao doador, á súa consignación xudicial ou ingreso no Tesouro.

e) As doazóns en especie entenderanse aceptadas mediante certificación expedida polo partido político en que se faga constar, ademais da identificación do doador, o documento público ou outro documento auténtico que acredite a entrega do ben doado facendo mención expresa do carácter irrevogable da doazón.

A valoración das doazóns en especie realizarase conforme o disposto na Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

f) Cando a suma do valor das doazóns efectuadas por unha mesma persoa física exceda o límite máximo anual permitido, procederase á devolución do exceso ao doador. Cando isto non resulte posible, a cantidade ou o equivalente do ben en metálico ingresarase no Tesouro no prazo de tres meses desde o peche do exercicio.

g) En todo caso, cando excepcionalmente non fose posible proceder á identificación dun doador, o importe da doazón ingresarase no Tesouro no prazo de tres meses desde o peche do exercicio.

h) O disposto nas letras anteriores será de aplicación aos supostos de recepción de doazóns a través de mecanismos de financiamento participativo.

i) Non terán a consideración de doazóns as entregas de efectivo, bens mobles ou inmobles realizadas por partidos políticos pertencentes a unha mesma unión, federación, confederación ou coalición permanente, xa sexan entre si ou a aquelas.

Tres. Operacións asimiladas.

Os partidos políticos non poderán aceptar que, directa ou indirectamente, terceiras persoas asuman de forma efectiva o custo das súas adquisicións de bens, obras ou servizos ou de calquera outro gasto que xere a súa actividade.

Catro. Acordos sobre condicións de débeda.

Os partidos políticos poderán chegar a acordos respecto das condicións da débeda que manteñan con entidades de crédito de conformidade co ordenamento xurídico, sen que o tipo de xuro que se aplique poida ser inferior ao que corresponda ás condicións de mercado. De tales acordos e, en especial, dos que supoñan a cancelación de garantías reais, darán conta ao Tribunal de Contas e ao Banco de España o partido político e a entidade de crédito, respectivamente.

As entidades de crédito non poderán efectuar condonacións totais ou parciais de débeda aos partidos políticos. Para estes efectos, enténdese por condonación a cancelación total ou parcial do principal do crédito ou dos xuros vencidos ou a renegociación do tipo de xuro por debaixo dos aplicados en condicións de mercado.»

Catro. Dáse unha nova redacción ao artigo 5:

«Artigo 5. *Límites ás doazóns privadas.*

Un. Os partidos políticos non poderán aceptar ou recibir directa ou indirectamente:

- a) Doazóns anónimas, finalistas ou revogables.
- b) Doazóns procedentes dunha mesma persoa superiores a 50.000 euros anuais.
- c) Doazóns procedentes de persoas xurídicas e de entes sen personalidade xurídica.

Exceptúanse do límite previsto na letra b) as doazóns en especie de bens inmobles, sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 4.2, letra e).

Dous. Todas as doazóns superiores a 25.000 euros e, en todo caso, as doazóns de bens inmobles, deberán ser obxecto de notificación ao Tribunal de Contas polo partido político no prazo de tres meses desde a súa aceptación.»

Cinco. Dáse nova redacción ao artigo 7:

«Artigo 7. *Achegas de persoas estranxeiras.*

Un. Os partidos políticos poderán recibir doazóns non finalistas, procedentes de persoas físicas estranxeiras, cos límites, requisitos e condicións establecidas na presente lei para as achegas privadas, e sempre que se cumpran, ademais, os requisitos da normativa vixente sobre control de cambios e movemento de capitais.

Dous. Os partidos non poderán aceptar ningunha forma de financiamento por parte de gobernos e organismos, entidades ou empresas públicas estranxeiras ou de empresas relacionadas directa ou indirectamente con eles.»

Seis. Dáse nova redacción ao artigo 8:

«Artigo 8. *Xustificación das cotas e achegas.*

Un. As cotas e achegas dos afiliados deberanse aboar en contas de entidades de crédito abertas exclusivamente para ese fin.

Dous. Os ingresos efectuados nas contas destinadas á recepción de cotas serán, unicamente, os que proveñan destas, e deberán ser realizados mediante domiciliación bancaria dunha conta da cal sexa titular o afiliado, ou mediante ingreso nominativo na conta que designe o partido.

Tres. As restantes achegas privadas deberanse aboar nunha conta distinta da prescrita no parágrafo anterior. En todo caso, quedará constancia da data de imposición, do seu importe e do nome completo do afiliado ou achegante. A entidade de crédito onde se realice a imposición estará obrigada a expedir un documento acreditativo en que consten os aspectos anteriores. Todas as achegas que, de forma individual ou acumulada, sexan superiores a 25.000 euros e, en todo caso, as de bens inmobles, deberán ser obxecto de notificación ao Tribunal de Contas polo partido político no prazo de tres meses desde o peche do exercicio.»

Sete. Dáse nova redacción ao punto un do artigo 9:

«Un. O presente título ten por obxecto regular o réxime tributario dos partidos políticos, así como o aplicable ás cotas, achegas e doazóns efectuadas por persoas físicas para contribuír ao seu financiamento.»

Oito. Dáse nova redacción á letra c) do artigo 10.Dous:

«c) As doazóns privadas efectuadas por persoas físicas, así como calquera outro incremento de patrimonio que se poña de manifesto como consecuencia de adquisicións a título lucrativo.»

Nove. Dáse nova redacción ao artigo 13:

«Artigo 13. *Xustificación das cotas, achegas e doazóns efectuadas.*

A aplicación do réxime tributario establecido no artigo anterior estará condicionada a que a persoa física dispoña do documento acreditativo da achega, doazón ou cota satisfeita ao partido político perceptor.»

Dez. Modifícase o título IV da lei, que queda redactado como segue:

«TÍTULO IV

Obrigacións contables e xestión económico-financeira

Artigo 14. *Obrigacións relativas á contabilidade dos partidos políticos.*

Un. Os partidos políticos deberán levar libros de contabilidade detallados que permitan en todo momento coñecer a súa situación financeira e patrimonial e o cumprimento das obrigacións previstas na presente lei.

Dous. Os libros de tesouraría, inventarios e balances deberán conter, conforme os principios de contabilidade xeralmente aceptados:

- a) O inventario anual de todos os bens.
- b) A conta de ingresos, en que se consignarán, como mínimo, as seguintes categorías de ingresos:

- Contía global das cotas e achegas dos seus afiliados.
- Ingresos procedentes do seu propio patrimonio.
- Ingresos procedentes das doazóns a que se refire o artigo 4.

- Subvencións públicas.
- Rendementos procedentes das actividades do partido.
- Herdanzas e legados recibidos.

c) A conta de gastos, en que se consignarán, como mínimo, as seguintes categorías de gastos:

- Gastos de persoal.
- Gastos de adquisición de bens e servizos (correntes).
- Gastos financeiros de préstamos.
- Outros gastos de administración.
- Gastos das actividades propias do partido.

d) As operacións de capital relativas a:

- Créditos ou préstamos de institucións financeiras.
- Investimentos.
- Debedores e acredores.

Tres. As contas anuais comprenderán o balance, a conta de resultados e unha memoria explicativa de ambas. En todo caso, a memoria incluírá a relación de subvencións públicas e de doazóns privadas, tanto en diñeiro como en especie, de bens inmobles, mobles, servizos ou calquera outra transacción que constituía unha vantaxe económica, recibidas de persoas físicas con referencia concreta, en cada unha delas, dos elementos que permitan identificar o doador e sinalar o importe do capital recibido.

Á memoria deberáselle xuntar, igualmente, un anexo onde se especifiquen pormenorizadamente as condicións contractuais estipuladas dos créditos ou préstamos de calquera clase que manteña o partido coas entidades de crédito. Nel identificaranse a entidade concedente, o importe outorgado, o tipo de xuro e o prazo de amortización do crédito ou préstamo e a débeda pendente ao pechar o exercicio de que se trate, con indicación de calquera continxencia relevante sobre o cumprimento das condicións pactadas.

Catro. Malia o disposto no parágrafo anterior, para a rendición de contas dos grupos parlamentarios das Cortes Xerais, das asembleas lexislativas das comunidades autónomas, das xuntas xerais dos territorios históricos vascos e dos grupos das corporacións locais, aplicarase o que dispoñan os seus respectivos regulamentos ou a súa lexislación específica, que deberán respectar os principios xerais desta lei en materia de rendición de contas.

Cinco. As contas anuais consolidadas dos partidos políticos estenderanse aos ámbitos estatal, autonómico e provincial. As contas correspondentes ao ámbito local e comarcal, de existiren, integraranse nas contas de nivel provincial. As contas anuais consolidadas de federacións de partidos e coalicións incluírán as dos partidos federados e coaligados.

Seis. Todos os partidos políticos deberán remitir as contas anuais consolidadas, nas cales se detallarán e documentarán os seus ingresos e gastos, debidamente formalizadas ao Tribunal de Contas antes do 30 de xuño do ano seguinte ao que aquelas se refiran. A presentación efectuaráa o responsable da xestión económico-financeira do partido.

Sete. Unha vez presentadas as contas anuais, o Tribunal de Contas entregará ao partido político xustificación de ter efectuado a presentación. Dentro do mes seguinte á finalización do prazo de presentación das contas anuais, o Tribunal de Contas remitirá ao Rexistro de Partidos Políticos do Ministerio do Interior e ao presidente da Comisión Mixta para as Relacións co Tribunal de Contas a relación dos partidos que realizasen a presentación.

Oito. Os partidos políticos deberán publicar na súa páxina web, no prazo máximo dun mes desde a data de envío ao Tribunal de Contas, o balance, a conta

de resultados e, en particular, a contía dos créditos pendentes de amortización, con especificación da entidade concedente, o importe outorgado, o tipo de xuro e o prazo de amortización, as subvencións recibidas e as doazóns e legados de importe superior a 25.000 euros con referencia concreta á identidade do doador ou legatario, sen prexuízo do establecido no artigo 7.5 da Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas.

Nove. Os partidos políticos, unha vez emitido polo Tribunal de Contas o informe de fiscalización correspondente a un determinado exercicio, deberán facelo público a través da súa páxina web nun prazo máximo de 15 días.

Artigo 14 bis. *Responsable da xestión económico-financeira.*

Un. O responsable da xestión económico-financeira do partido político será designado na forma que determinen os estatutos entre persoas con acreditados coñecementos ou experiencia profesional no ámbito económico e nas cales conorra a condición de honorabilidade.

Dous. Considérase que non concorre a honorabilidade naqueles que:

a) Estean condenados por sentenza firme a pena privativa de liberdade, ata que se cumprise a condena.

b) Estean condenados por sentenza firme por cometeren delitos de falsidade; contra a liberdade; contra o patrimonio e a orde socioeconómica, contra a Facenda Pública e a Seguridade Social, contra os dereitos dos traballadores, a Administración pública, a Constitución, as institucións do Estado, a Administración de xustiza, a comunidade internacional; de traizón e contra a paz ou a independencia do Estado e relativos á defensa nacional; e contra a orde pública, en especial, o terrorismo, ata que os antecedentes penais sexan cancelados.

c) Se encontren incursos nun proceso penal por un delito que comporte a inhabilitación ou a perda do dereito de sufraxio pasivo cando se ditase auto de apertura de xuízo oral.

d) Os inhabilitados conforme a Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, mentres non concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Non poderán ser responsables da xestión económico-financeira dun partido político os funcionarios en activo ao servizo da Administración pública e as demais persoas afectadas por unha incompatibilidade legal.

Tres. O responsable da xestión económico-financeira responderá da regularidade contable da actividade reflectida nas contas anuais. Esta responsabilidade é independente daquela en que incorresen aqueles que adoptasen as resolucións ou realizasen os actos reflectidos nas contas.

Catro. Son funcións do responsable da xestión económico-financeira:

a) A elaboración das contas anuais e a súa presentación ante o Tribunal de Contas.

b) A supervisión dos responsables da xestión económico-financeira de nivel autonómico e provincial, de existiren.

c) As funcións en materia de ordenación de pagamentos e autorización de gastos que, de ser o caso, sinalen os estatutos do partido.

d) Calquera outra función que lle atribúan os estatutos ou o máximo órgano de dirección do partido.

Cinco. Para o adecuado cumprimento das súas funcións, o responsable da xestión económico-financeira do partido a nivel nacional poderá impartir instrucións específicas e criterios de actuación aos responsables dos distintos niveis territoriais.»

Once. Dáse nova redacción ao artigo 16:

«Artigo 16. *Control externo.*

Un. Corresponde en exclusiva ao Tribunal de Contas o control da actividade económico-financieira dos partidos políticos, sen prexuízo das competencias relativas á fiscalización dos procesos electorais autonómicos atribuídas aos órganos de control externo das comunidades autónomas previstos nos seus respectivos estatutos.

Dous. O Tribunal de Contas fiscalizará en todo caso as contas relativas aos partidos que perciban algún tipo de subvención pública das previstas no artigo 3.

Respecto ao resto dos partidos políticos, o Tribunal de Contas realizará as actuacións fiscalizadoras que considere oportunas conforme se estableza nos seus plans de actuación.

Tres. Este control estenderase á fiscalización da legalidade dos recursos públicos e privados dos partidos políticos, así como á regularidade contable das actividades económico-financieiras que realicen e á adecuación da súa actividade económico-financieira aos principios de xestión financeira que sexan exixibles conforme a súa natureza.

Catro. O Tribunal de Contas, no prazo de seis meses desde que reciba a documentación sinalada no artigo 14, emitirá un informe sobre a súa regularidade e adecuación ao disposto no punto anterior ou, de ser o caso, fará constar expresamente cantas infraccións ou prácticas irregulares se observasen.

Cinco. Este informe elevarase ás Cortes Xerais e publicárase posteriormente no «Boletín Oficial del Estado».

Doce. Introdúcese un novo artigo 16 bis:

«Artigo 16 bis. *Control parlamentario.*

A Comisión Mixta para as Relacións co Tribunal de Contas poderá, no prazo de dous meses desde a aprobación do informe de fiscalización polo Tribunal de Contas, solicitar a comparecencia do responsable da xestión económico-financieira de calquera partido político que perciba as subvencións recollidas na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, para que informe sobre as infraccións ou prácticas irregulares que, de ser o caso, observase o órgano fiscalizador.

Esta comparecencia non exime da obrigaón de remitir ao Tribunal de Contas calquera outra información contable que este considere pertinente.»

Trece. Dáse nova redacción ao artigo 17:

«Artigo 17. *Infraccións.*

Un. Sen prexuízo das responsabilidades legais de calquera índole que deriven do disposto no ordenamento xurídico en xeral e do preceptuado nesta lei en particular, o Tribunal de Contas acordará a imposición de sancións ao partido político que cometa algunha das infraccións que se tipifican neste artigo, sempre que non constitúan delito.

Dous. Serán consideradas infraccións moi graves:

a) A aceptación de doazóns ou achegas que contraveñan as limitacións ou os requisitos establecidos nos artigos 4, 5, 7 e 8. Terá idéntica cualificación a asunción, por terceiras persoas, dos gastos do partido nos termos indicados no artigo 4.tres, así como aqueles acordos sobre condicións de débeda que infrinxan a prohibición contida no artigo 4.catro.

b) A superación polos partidos políticos, nun dez por cento ou máis, dos límites de gastos electorais previstos na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, sen prexuízo do establecido no artigo 134 da dita lei.

c) O incumprimento durante dous exercicios consecutivos ou tres alternos da obrigación de presentar as contas anuais no prazo previsto no artigo 14. seis ou a presentación de contas incompletas ou deficientes que impidan ao Tribunal de Contas levar a cabo o seu labor fiscalizador.

Tres. Serán consideradas infraccións graves:

a) A realización de actividades de carácter mercantil segundo establece o artigo 6.

b) A superación polos partidos políticos, en máis dun tres e en menos dun dez por cento, dos límites de gastos electorais previstos na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, sen prexuízo do establecido no artigo 134 da dita lei.

c) O incumprimento da obrigación de presentar as contas anuais, a presentación de contas incompletas ou deficientes que impidan ao Tribunal de Contas levar a cabo o seu labor fiscalizador durante un exercicio ou calquera outra das obrigacións contables previstas nesta lei, sempre que iso non constitúa delito.

d) A falta dun sistema de auditoría ou control interno que establece o artigo 15.

Catro. Serán consideradas infraccións leves:

a) As faltas ao deber de colaboración que establece o artigo 19.

b) A superación polos partidos políticos, en máis dun un e ata un tres por cento, dos límites de gastos electorais previstos na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, sen prexuízo do establecido no artigo 134 da dita lei.

Cinco. As infraccións moi graves prescribirán aos cinco anos, as graves aos tres anos e as leves aos dous anos.

O cómputo destes prazos iniciarase no momento de cometer a infracción.»

Catorce. Introdúcese un novo artigo 17 bis:

«Artigo 17 bis. *Sancións.*

Un. Pola comisión de infraccións moi graves imponense as seguintes sancións:

a) Polas infraccións previstas no artigo 17, punto dous a), unha sanción cuxo importe irá do dobre ao quíntuplo da cantidade que exceda o límite legalmente permitido, da cantidade asumida polo terceiro ou da cantidade condonada, segundo proceda.

b) Polas infraccións previstas no artigo 17, punto dous b), unha multa pecuniaria proporcional do duplo ao quíntuplo do exceso de gasto producido.

c) Polas infraccións previstas no artigo 17, punto dous c), unha sanción dun mínimo de cincuenta mil euros e un máximo de cen mil euros.

En ningún caso as sancións previstas nos puntos a) e b) serán inferiores a cincuenta mil euros.

Dous. Por cometer infraccións graves imponense as seguintes sancións:

a) Polas infraccións previstas no artigo 17, punto tres a), unha multa pecuniaria de entre vinte e cinco mil e cincuenta mil euros máis unha multa pecuniaria equivalente ao cen por cento do beneficio neto obtido mediante a realización das actividades mercantís.

b) Polas infraccións previstas no artigo 17, punto dous b), unha sanción cuxo importe irá do dobre ao quíntuplo do exceso do gasto producido sen que en ningún caso poida ser inferior a vinte e cinco mil euros.

c) Para o resto das infraccións graves, unha sanción dun mínimo de dez mil euros e un máximo de cincuenta mil euros.

Tres. Por cometer infraccións leves imponranse as seguintes sancións:

a) Pola infracción prevista no artigo 17, punto tres a), unha multa pecuniaria de entre cinco mil e dez mil euros.

b) Pola infracción prevista no artigo 17, punto tres b), unha sanción cuxo importe irá do dobre ao quíntuplo do exceso do gasto producido, sen que en ningún caso poida ser inferior a cinco mil euros.

Catro. O Tribunal de Contas vixiará que as sancións se fagan efectivas antes do libramento da seguinte subvención e que se detraia o seu importe no caso de non ter sido satisfeitas.

Naqueles casos en que o partido político sancionado non teña dereito a percibir subvencións, o Tribunal de Contas requirirá o citado partido para que proceda ao ingreso do importe correspondente á sanción no Tesouro Público.

Cando un partido político non faga efectivo o pagamento da sanción imposta, o Tribunal de Contas dará traslado á Axencia Estatal da Administración Tributaria para que esta proceda á súa recadación en período executivo.»

Quince. Dáse unha nova redacción ao artigo 18:

«Artigo 18. *Procedemento sancionador.*

Un. O procedemento sancionador iníciase por acordo do Pleno do Tribunal de Contas.

Tan pronto como o Tribunal de Contas teña coñecemento dos feitos, o Pleno disporá a apertura dun período de información previa en que se dará audiencia ao partido político presuntamente infractor, tras o cal, se proceder, acordará a iniciación do procedemento sancionador. O procedemento sancionador será compatible tanto co exercicio da súa función fiscalizadora sobre a xestión económico-financeira do partido político presuntamente infractor como coa imposición, cando proceda, das multas coercitivas previstas no artigo 30 da Lei 7/1988, do 5 de abril, de funcionamento do Tribunal de Contas. A iniciación do procedemento sancionador interrompe a prescrición das infraccións.

Dous. O acordo de iniciación terá o contido mínimo seguinte:

a) A identificación do partido político presuntamente responsable.

b) Os feitos que motivan a incoación do procedemento, a súa posible cualificación xurídica e as sancións que poidan corresponder.

c) O instrutor do procedemento, con expresa indicación do seu réxime de recusación.

O acordo de iniciación comunicaráselle ao instrutor e notificaráselle ao partido político presuntamente infractor, e indícaráselle que ten un prazo de quince días para achegar cantas alegacións, documentos ou informacións coide convenientes e para solicitar a apertura dun período probatorio e propor os medios de proba que consideren adecuados.

Ao acordo de iniciación xuntaránselle os documentos e probas que tivese en conta o Pleno para acordar a iniciación do procedemento.

Tres. Abrirase un período probatorio nos seguintes supostos:

a) Cando no trámite de alegacións establecido no punto precedente o solicite o partido interesado con proposición de medios de proba concretos.

b) Cando, en ausencia de solicitude de parte interesada, o instrutor o considere necesario para o esclarecemento dos feitos e a determinación dos responsables. Neste caso o instrutor dará un prazo de cinco días aos interesados para que propoñan os medios de proba que xulguen oportunos.

O período probatorio durará trinta días hábiles.

A práctica das probas realizarase de conformidade co establecido no artigo 81 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Catro. Concluído, de ser o caso, o período probatorio, o instrutor formulará proposta de resolución, a cal deberá conter:

1. Se considera que existe infracción e responsabilidade:

a) Os feitos que considere probados e a valoración da proba en que tal consideración se funde.

b) O partido político que considere responsable e a valoración da proba en que tal consideración se funde.

c) Os preceptos tipificadores de infraccións en que considere subsumidos os feitos e as razóns de tal consideración.

d) As sancións que coide procedentes nos termos do artigo 17 bis e as circunstancias que para tal efecto considerase, así como, de ser o caso, a proposición de suspensión da execución da sanción, de execución fraccionada ou da súa modificación, e as razóns de tal proposición.

2. Se considera que non existe infracción ou responsabilidade, conterá a proposta de absolución.

Cinco. A proposta de resolución notificaráselles aos interesados, con indicación de que dispoñen dun prazo de quince días para formular alegacións, para o cal se lles porá de manifesto o expediente, co fin de que o poidan consultar e obter copias dos documentos que figuren nel.

Concluído o trámite de audiencia, o instrutor cursará inmediatamente a proposta de resolución ao Pleno do Tribunal de Contas para que resolva o procedemento, xunto cos documentos, alegacións e informacións que consten no expediente.

Seis. O instrutor poderá, motivadamente, prorrogar os prazos dos ditos trámites de alegacións e o do período de proba, por unha soa vez e idéntico ou inferior tempo ao establecido, sempre que, polo número e pola natureza das probas que se teñan que practicar, a complexidade das situacións fácticas e cuestións xurídicas analizadas ou outras razóns atendibles, sexa preciso para lograr a adecuada determinación dos feitos e das responsabilidades ou para garantir a eficaz defensa dos incurso no procedemento sancionador.

Sete. Os actos do instrutor que deneguen a apertura do período probatorio ou a práctica dalgún medio de proba proposto polas partes serán susceptibles de recurso ante o Pleno do Tribunal de Contas, no prazo de tres días. O seu silencio considerarase desestimatorio.

Oito. O Pleno do Tribunal de Contas ditará resolución motivada, que decidirá sobre todas as cuestións presentadas polo partido interesado e aquelas derivadas do procedemento. A resolución que resolva o procedemento deberá ter o contido que se establece no punto 4.

O Pleno do Tribunal de Contas unicamente poderá variar a relación de feitos expresada na proposta de resolución matizándoos ou tomando en conta outros, no caso de que iso sexa en beneficio do partido político incurso no procedemento sancionador, motivando especificamente na resolución a variación fáctica.

Se non fose notificada a resolución no prazo de seis meses desde a iniciación do procedemento, producirase a caducidade deste. O transcurso deste prazo

quedará interrompido mentres o procedemento se encontre paralizado por causas imputables aos interesados.

Nove. As resolucións sancionadoras que adopte o Tribunal de Contas serán susceptibles de recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Supremo. Cando en tales resolucións se acorde a imposición dalgunha das sancións previstas no artigo 17 bis, a interposición do recurso suspenderá automaticamente a execución da resolución adoptada polo Tribunal de Contas.»

Dezaseis. A disposición adicional sétima queda modificada como segue:

«Disposición adicional sétima. *Fundacións e entidades vinculadas a partidos políticos ou dependentes deles.*

Un. Considérase que unha fundación está vinculada ou é dependente dun partido político cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) Que se constituía cunha achega maioritaria, directa ou indirecta, do partido político ou doutra fundación ou entidade vinculada ou dependente daquel.
- b) Que o seu patrimonio fundacional, cun carácter de permanencia, estea formado en máis dun 50 por 100 por bens ou dereitos achegados ou cedidos polas referidas entidades.
- c) Que o partido político, directamente ou a través de entidades vinculadas, poida nomear ou destituír a maioría dos membros do padroado.
- d) Que sexa designada como fundación vinculada polo partido político, de acordo co disposto na disposición adicional cuarta da Lei orgánica 6/2002, do 27 de xuño, de partidos políticos.

Considérase que unha entidade está vinculada ou é dependente dun partido político cando este posúa ou poida posuír, directa ou indirectamente, o control daquela. En particular, presumírase que existe control cando o partido político se encontre en relación coa entidade nalgunha das seguintes situacións:

- a) Posúa a maioría dos dereitos de voto.
- b) Teña a facultade de nomear ou destituír a maioría dos membros do órgano de administración.
- c) Poida dispor, en virtude de acordos subscritos con terceiros, da maioría dos dereitos de voto.
- d) Designase cos seus votos a maioría dos membros do órgano de administración. En particular, presumírase esta circunstancia cando a maioría dos membros do órgano de administración da sociedade dominada sexan membros do máximo órgano de dirección do partido político ou doutra entidade vinculada ou dependente daquel.
- e) Que sexa designada como entidade vinculada polo partido político, de acordo co disposto na disposición adicional cuarta da Lei orgánica 6/2002, do 27 de xuño, de partidos políticos.

Para os efectos deste punto, aos dereitos de voto do partido político engadíranse os que posúa a través doutras fundacións ou entidades vinculadas ou dependentes deles ou a través de persoas que actúen no seu propio nome pero por conta do partido político ou doutras fundacións ou entidades vinculadas ou dependentes daquel ou aqueles dos cales dispoña concertadamente con calquera outra persoa. Presúmese que unha persoa actúa por conta do partido político cando a súa intervención no órgano de administración derive dun nomeamento realizado polo partido político ou da titularidade dun cargo para o cal fose designado polo partido político.

Dous. As achegas que reciban as fundacións e entidades vinculadas a partidos políticos ou dependentes deles estarán sometidas aos mecanismos de

fiscalización e control e ao réxime sancionador previstos, respectivamente, nos títulos V e VI, sen prexuízo das normas propias que lles sexan de aplicación. O control que leve a cabo o Tribunal de Contas estenderase ademais á regularidade contable das ditas achegas e dos gastos derivados de programas e actividades financiados con cargo a subvencións públicas.

Tres. Os recursos que financien a actividade das fundacións e entidades vinculadas a partidos políticos ou dependentes deles serán os previstos na lexislación aplicable en cada caso.

Catro. No caso das doazóns, estarán sometidas aos límites e requisitos previstos no capítulo segundo do título II, ben que non será de aplicación o previsto no artigo 5.un, letras b) e c).

As doazóns procedentes de persoas xurídicas requirirán sempre acordo adoptado en debida forma polo órgano ou representante competente para o efecto, e farase constar de forma expresa o cumprimento das previsións da presente lei. Cando estas doazóns sexan de carácter monetario de importe superior a 120.000 euros, terán que formalizarse en documento público.

As fundacións e entidades vinculadas reguladas nesta disposición non poderán aceptar ou recibir directa ou indirectamente doazóns de organismos, entidades ou empresas públicas.

Cinco. Non terán a consideración de doazóns, para os únicos efectos desta disposición adicional, as entregas monetarias ou patrimoniais levadas a cabo por unha persoa física ou xurídica para financiar unha actividade ou un proxecto concreto da fundación ou entidade, en canto tal actividade ou proxecto se realice como consecuencia dun interese común persoal ou derivado das actividades propias do obxecto societario ou estatutario de ambas as entidades.

As entregas realizadas ao abeiro do previsto neste punto deberán, en todo caso, formalizarse en documento público, comunicarse ao Tribunal de Contas no prazo de tres meses desde a súa aceptación e facerse públicas, preferentemente a través da páxina web da fundación ou entidade vinculada.

Seis. As fundacións e entidades reguladas nesta disposición adicional estarán obrigadas a formular e aprobar as súas contas nos termos previstos na lexislación vixente, a realizar unha auditoría das súas contas anuais e a enviar toda a documentación ao Tribunal de Contas.

Unha vez emitido por esta institución o informe de fiscalización a que se refire o punto dous, estarán obrigadas a facer públicos, preferentemente a través da súa páxina web, o balance e a conta de resultados, así como as conclusións do informe de auditoría, de forma que esta información sexa de gratuito e fácil acceso para os cidadáns.

Sete. As fundacións e entidades reguladas por esta disposición adicional estarán obrigadas a informar anualmente o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas de todas as doazóns e achegas recibidas, para cuxo fin se aprobará unha orde ministerial na cal se indicarán o contido, o alcance e a estrutura da información que se debe facilitar. Ademais, todas as doazóns procedentes de persoas xurídicas deberán ser obxecto de notificación ao Tribunal de Contas no prazo de tres meses desde a súa aceptación.»

Dezasete. Engádese unha nova disposición adicional décimo terceira:

«Disposición adicional décimo terceira. *Réxime de contratación dos partidos políticos.*

1. Os procedementos de contratación dos partidos políticos inspiraranse nos principios de publicidade, concorrencia, transparencia, confidencialidade, igualdade e non discriminación, sen prexuízo do respecto á autonomía da vontade e da confidencialidade cando sexa procedente.

2. O partido político deberá aprobar unhas instrucións internas en materia de contratación que se adecuarán ao previsto no punto anterior e que deberán contar co informe favorable, antes da súa aprobación, do órgano a que corresponda o seu asesoramento xurídico. Estas instrucións deberán publicarse na páxina web do partido político.»

Dezaioito. Engádesse unha nova disposición adicional décimo cuarta:

«Disposición adicional décimo cuarta. *Rango de lei ordinaria.*

Teñen carácter de lei ordinaria o título III e as disposicións adicionais primeira, segunda, terceira, cuarta e quinta.»

Dezanove. Introdúcese unha nova disposición adicional décimo quinta:

«Disposición adicional décimo quinta. *Achegas de persoas non afiliadas a partidos políticos.*

As achegas efectuadas aos partidos políticos por persoas non afiliadas que teñan a condición de electos, de altos cargos de todas as administracións públicas ou do sector público estatal, autonómico e local, consideraranse para todos os efectos achegas de afiliados cando así o manifesten os achegantes.»

Vinte. Introdúcese unha nova disposición adicional décimo sexta:

«Disposición adicional décimo sexta. *Comunicación de cifra máxima de gasto electoral.*

O Tribunal de Contas, cando sexa competente na fiscalización do proceso electoral convocado, comunicará, na forma en que se determine, a cifra máxima individualizada de gasto electoral correspondente a cada unha das formacións políticas concorrentes con representación no Congreso dos Deputados, inmediatamente despois de que o acordo de proclamación de candidaturas sexa firme. Ademais, remitirá a relación das cifras máximas de gasto electoral destas formacións á Xunta Electoral competente para os efectos de que sexan a referencia, se proceder, para o cálculo das sancións previstas na lei.»

Vinte e un. Dáse nova redacción á disposición derradeira segunda:

«Disposición derradeira segunda. *Réxime supletorio.*

No non regulado por esta lei orgánica en materia de subvencións, será de aplicación o previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Os procedementos sancionadores regulados nesta lei, supletoriamente e en defecto de norma expresa, rexeranse polas normas xerais destes procedementos contidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.»

Artigo segundo. *Modificación da Lei orgánica 6/2002, do 27 de xuño, de partidos políticos.*

A Lei orgánica 6/2002, do 27 de xuño, de partidos políticos, queda modificada como segue:

Un. O punto 1 do artigo 1 queda modificado como segue:

«1. Os cidadáns da Unión Europea poderán crear libremente partidos políticos conforme o disposto na Constitución e na presente lei orgánica.»

Dous. O artigo 3 queda redactado como segue:

«Artigo 3. *Constitución, estatutos e personalidade xurídica.*

1. O acordo de constitución deberase formalizar mediante acta fundacional, que deberá constar en documento público e conter, en todo caso, a identificación persoal dos promotores, a denominación do partido que se propón constituír, os integrantes dos órganos directivos provisionais, o domicilio e os estatutos polos cales se rexerá o partido que trata de constituírse.

A denominación dos partidos non poderá incluír termos ou expresións que induzan a erro ou confusión sobre a súa identidade ou que sexan contrarias ás leis ou aos dereitos fundamentais das persoas. Ademais, non poderá coincidir, asemellarse ou identificarse, mesmo foneticamente, coa de ningún outro partido previamente inscrito no Rexistro, coa dalgún partido integrante, como resultado dunha fusión, dun partido inscrito cando isto se encontre acreditado por calquera medio de proba válido en dereito ou coa dalgún partido declarado ilegal, disolto ou suspendido por decisión xudicial. Tampouco coa identificación de persoas físicas ou coa denominación de entidades preexistentes ou marcas rexistradas.

2. Os estatutos dos partidos políticos terán, ao menos, o seguinte contido:

- a) A súa denominación e siglas.
- b) O símbolo, coa súa descrición e representación gráfica.
- c) O domicilio, con indicación da localidade, provincia, rúa e código postal.
- d) O seu sitio web e enderezo electrónico.
- e) O ámbito de actuación: estatal, autonómico, provincial ou local.
- f) Os seus fins.
- g) Os requisitos e modalidades de admisión e baixa dos afiliados.
- h) Os dereitos e deberes dos afiliados e o seu réxime disciplinario de acordo

co previsto no artigo 8.

i) Os órganos de goberno e representación, a súa composición, os prazos para a súa renovación, que se deberá efectuar como máximo cada catro anos, as súas atribucións ou competencias, os órganos competentes para a convocatoria de sesións dos órganos colexiados, o prazo mínimo de convocatoria, duración, a forma de elaboración da orde do día, incluíndo o número de membros exixidos para propor puntos que se incluírán nela, así como as regras de deliberación e a maioría requirida para a adopción de acordos que, por regra xeral, será a maioría simple dos presentes, sexan estes membros de pleno dereito ou compromisarios.

j) O procedemento para a elección dos órganos directivos, ben directamente ben por representación que, en todo caso, deberá garantir a participación de todos os afiliados mediante sufraxio libre e secreto, e os procedementos de control democrático dos dirixentes electos.

k) O cargo ou órgano a que corresponda a representación legal do partido político, así como a determinación do responsable económico-financeiro do partido político e o procedemento para a súa designación.

l) O réxime de administración e contabilidade, que incluírá, en todo caso, os libros de contabilidade.

m) O réxime de documentación, que incluírá, en todo caso, o ficheiro de afiliados e o libro de actas.

n) Indicación de se o partido político conta ou non con patrimonio fundacional, a procedencia dos recursos económicos e o procedemento de rendición de contas.

o) O procedemento e o órgano competente para a aprobación das contas anuais en que se inclúa a obriga da súa remisión anual ao Tribunal de Contas dentro do prazo legalmente establecido.

p) As causas de disolución do partido político e, neste caso, cal sería o destino do seu patrimonio.

q) O procedemento de reclamación dos afiliados fronte aos acordos e ás decisións dos órganos do partido.

r) O cargo ou órgano encargado da defensa e garantía dos dereitos do afiliado.

s) O réxime de infraccións e sancións dos afiliados e o procedemento para a súa imposición, que se deberá instruír de forma contraditoria e no cal se deberá garantir o dereito do afiliado a ser informado dos feitos que dan lugar á súa incoación, a ser oído con carácter previo á imposición de sancións e a que o eventual acordo sancionatorio sexa motivado. Non obstante o anterior, establecerase en todo caso a suspensión cautelar automática da afiliación dos afiliados incurso nun proceso penal respecto dos cales se ditase auto de apertura de xuízo oral por un delito relacionado coa corrupción, así como a sanción de expulsión do partido daqueles que fosen condenados por algún deses delitos.

t) Calquera outra mención exixida por esta ou outra lei.

3. Os partidos deberán comunicar ao Rexistro calquera modificación dos seus estatutos e da composición dos seus órganos de goberno e representación no prazo máximo de tres meses desde tal modificación e, en todo caso, durante o primeiro trimestre de cada ano. Deberán, ademais, publicalos na súa páxina web.

4. Os partidos políticos adquiren personalidade xurídica pola inscrición no Rexistro de Partidos Políticos que, para estes efectos, existirá no Ministerio do Interior, logo de presentación naquel da acta fundacional suscrita polos seus promotores, xunto con aqueles documentos que acrediten o cumprimento dos requisitos previstos na presente lei orgánica.»

Tres. Modificación do punto 4 do artigo 4:

«4. A inscrición no Rexistro producirá efectos indefinidamente mentres non se anote nel a súa suspensión ou disolución, por notificación da decisión acordada polo propio partido de acordo coas previsións estatutarias, por ser declarado xudicialmente ilegal e disolto ou suspendido ou por ser declarado xudicialmente extinguido, de acordo co previsto no artigo 12 bis. Todo isto sen prexuízo do disposto no artigo 10.6 e, en canto ao alcance e efectos da suspensión, no artigo 1.8.»

Catro. Modifícase o artigo 6:

«Os partidos políticos axustaranse na súa organización, funcionamento e actividade aos principios democráticos e ao disposto na Constitución e nas leis. Os partidos políticos teñen liberdade organizativa para establecer a súa estrutura, organización e funcionamento, cos únicos límites establecidos no ordenamento xurídico.»

Cinco. Modifícase o punto 1 do artigo 7:

«1. A estrutura interna e o funcionamento dos partidos políticos deberán ser democráticos e establecer, en todo caso, fórmulas de participación directa dos afiliados nos termos que recollan os seus estatutos, especialmente nos procesos de elección de órgano superior de goberno do partido.»

Seis. Modifícase o artigo 8:

«Artigo 8. *Dereitos e deberes dos afiliados.*

1. Os afiliados aos partidos políticos deben ser persoas físicas, maiores de idade e non ter limitada nin restrinxida a súa capacidade de obrar.

2. Os estatutos dos partidos políticos poderán establecer diferentes modalidades de afiliación en función do nivel de vinculación ao partido político. Os afiliados dunha mesma modalidade terán iguais dereitos e deberes.

3. Os partidos políticos deixarán constancia da afiliación dos seus membros no correspondente ficheiro, que se rexerá polo disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

4. Os estatutos conterán unha relación detallada dos dereitos dos afiliados, incluíndo, en todo caso, respecto aos de maior vinculación ao partido político, os seguintes:

a) A participar nas actividades do partido e nos órganos de goberno e representación, a exercer o dereito de voto, así como asistir á asemblea xeral, de acordo cos estatutos.

b) A ser electores e elixibles para os seus cargos.

c) A ser informados acerca da composición dos órganos directivos e de administración ou sobre as decisións adoptadas polos órganos directivos, sobre as actividades realizadas e sobre a situación económica.

d) A impugnar os acordos dos órganos do partido que consideren contrarios á lei ou aos estatutos.

e) A acudir ao órgano encargado da defensa dos dereitos do afiliado.

O resto de afiliados gozarán dos dereitos que determinen os estatutos.

5. Os afiliados a un partido político cumprirán as obrigacións que resulten das disposicións estatutarias e, en todo caso, as seguintes:

a) Compartir as finalidades do partido e colaborar para a súa consecución.

b) Respetar o disposto nos estatutos e nas leis.

c) Acatar e cumprir os acordos validamente adoptados polos órganos directivos do partido.

d) Aboar as cotas e outras achegas que, consonte os estatutos, poidan corresponder a cada un de acordo coa modalidade de afiliación que lles corresponda.»

Sete. Modifícase o punto 3 do artigo 9:

«3. Entenderase que nun partido político concorren as circunstancias do punto anterior cando se produza a repetición ou acumulación dalgunha das condutas seguintes:

a) Dar apoio político expreso ou tácito ao terrorismo, lexitimando as accións terroristas para a consecución de fins políticos á marxe das canles pacíficas e democráticas, ou exculpando e minimizando o seu significado e a violación de dereitos fundamentais que comporta.

b) Acompañar a acción da violencia con programas e actuacións que fomentan unha cultura de enfrontamento e confrontación civil ligada á actividade dos terroristas, ou que perseguen intimidar, facer desistir, neutralizar ou illar socialmente aqueles que se opoñen a ela, facéndolles vivir habitualmente nun ambiente de coacción, medo, exclusión ou privación básica das liberdades e, en particular, da liberdade para opinar e para participar libre e democraticamente nos asuntos públicos.

c) Incluír regularmente nos seus órganos directivos ou nas súas listas electorais persoas condenadas por delitos de terrorismo que non rexeitasen publicamente os fins e os medios terroristas, ou manter un amplo número dos seus afiliados dobre afiliación a organizacións ou entidades vinculadas a un grupo terrorista ou violento, salvo que adoptasen medidas disciplinarias contra estes conducentes á súa expulsión.

d) Utilizar como instrumentos da actividade do partido, conxuntamente cos propios ou en substitución deles, símbolos, mensaxes ou elementos que representen ou se identifiquen co terrorismo ou coa violencia e coas condutas asociadas a el.

e) Ceder, en favor dos terroristas ou de quen colabora con eles, os dereitos e as prerrogativas que o ordenamento, e concretamente a lexislación electoral, conceden aos partidos políticos.

f) Colaborar habitualmente con entidades ou grupos que actúen de forma sistemática de acordo cunha organización terrorista ou violenta, ou que amparan ou apoian o terrorismo ou os terroristas.

g) Apoiar desde as institucións en que se goberna, con medidas administrativas, económicas ou de calquera outro tipo, as entidades mencionadas no parágrafo anterior.

h) Promover, dar cobertura ou participar en actividades que teñan por obxecto recompensar, homenaxear ou distinguir as accións terroristas ou violentas ou a quen as comete ou colabora con elas.

i) Dar cobertura ás accións de desorde, intimidación ou coacción social vinculadas ao terrorismo ou á violencia.»

Oito. Engádesse un novo artigo 9 bis:

«Artigo 9 bis. *Prevención e supervisión.*

Os partidos políticos deberán adoptar nas súas normas internas un sistema de prevención de condutas contrarias ao ordenamento xurídico e de supervisión, para os efectos previstos no artigo 31 bis do Código penal.»

Nove. Modifícase o punto 1 do artigo 10:

«Artigo 10. *Disolución ou suspensión xudicial.*

1. Ademais de por decisión dos seus membros, acordada polas causas e polos procedementos previstos nos seus estatutos, procederá a disolución dun partido político ou, de ser o caso, a súa suspensión por decisión da autoridade xudicial competente e nos termos previstos nos puntos 2 e 3.

A disolución producirá efectos desde a súa anotación no Rexistro de Partidos Políticos, logo de notificación do propio partido ou do órgano xudicial que decrete a disolución.»

Dez. Introdúcese un novo artigo 12 bis:

«Artigo 12 bis. *Declaración xudicial de extinción dun partido político.*

1. O órgano competente, por iniciativa do Rexistro de Partidos Políticos, de oficio ou por instancia dos interesados, solicitará á xurisdición contencioso-administrativa a declaración xudicial de extinción dun partido político que se encontre nalgunha das seguintes situacións:

a) Non ter adaptado os seus estatutos ás leis que resulten de aplicación nos prazos que estas prevexan en cada caso.

b) Non ter convocado o órgano competente para a renovación dos órganos de goberno e representación transcorrido o dobre do prazo previsto no artigo 3.2, letra i).

c) Non ter presentado as súas contas anuais durante tres exercicios consecutivos ou catro alternos, sen prexuízo das responsabilidades que poidan derivar da falta de presentación das contas.

2. Con carácter previo, o Rexistro de Partidos apercibirá o partido político que incorra nalgunha das situacións descritas para que, no prazo de 6 meses, xustifique

ben que realizou a adaptación dos seus estatutos á lei, ben que renovou os seus órganos de goberno e representación, ben que presentou as contas anuais de todos os exercicios que teña pendentes ou, de ser o caso, todo o anterior. Transcorrido este prazo sen que o partido político realizase as actuacións descritas, o Rexistro de Partidos iniciará o procedemento previsto no punto anterior.

3. Para a declaración xudicial de extinción dun partido político seguirase o disposto no artigo 127 quinquies da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

4. A declaración xudicial de extinción producirá efectos desde a súa anotación no Rexistro de Partidos Políticos, logo de notificación efectuada polo órgano xudicial.»

Once. Modifícase o punto 1 e engádese un novo punto 3 ao artigo 13, que quedan redactados como segue:

«1. O financiamento dos partidos políticos levarase a cabo de conformidade co previsto na Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos.»

«3. Todos os partidos inscritos no Rexistro de Partidos Políticos deberán remitir as contas anuais consolidadas debidamente formalizadas ao Tribunal de Contas no prazo establecido na Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos.»

Doce. Engádese unha nova disposición adicional cuarta:

«Disposición adicional cuarta. *Fundacións e entidades vinculadas a partidos políticos ou dependentes deles.*

1. As fundacións e entidades que estean vinculadas a partidos políticos ou que sexan dependentes deles de conformidade cos criterios previstos na Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, deberán inscribirse no Rexistro de Partidos Políticos por iniciativa conxunta dos representantes dos partidos e dos seus propios representantes. No acto de inscrición comunicarse o nome da fundación e entidade e o rexistro en que, por razón da materia, xa se encontren inscritas.

As fundacións e entidades vinculadas ou dependentes de partidos políticos inscribiranse na sección específica do Rexistro que se cree para estes efectos.

2. As fundacións e entidades vinculadas a partidos políticos ou dependentes deles que non estean inscritas no Rexistro de Partidos Políticos non poderán concorrer ás convocatorias públicas de subvencións destinadas a fundacións e entidades vinculadas a partidos políticos ou dependentes deles.

3. A inscrición no Rexistro de Partidos realizarase con independencia da súa inscrición no Rexistro de Fundacións ou entidades correspondente por razón da materia ou polo seu ámbito territorial.»

Trece. A disposición derogatoria única queda redactada como segue:

«Quedan derogadas cantas normas se opoñan á presente lei orgánica e, en particular, a Lei 54/1978, do 4 de decembro, de partidos políticos, e os artigos vixentes da Lei 21/1976, do 14 de xuño.»

Artigo terceiro. *Modificación da Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas.*

Un. Engádese un parágrafo no punto un do artigo primeiro co seguinte contido:

«Así mesmo, corresponde ao Tribunal de Contas a fiscalización da actividade económico-financeira dos partidos políticos inscritos no Rexistro de Partidos

Políticos do Ministerio do Interior, así como a das fundacións e demais entidades vinculadas ou dependentes deles.»

Dous. Dáse nova redacción ao artigo terceiro:

«Artigo terceiro.

Un. O Tribunal de Contas ten competencia para todo o concernente ao goberno e ao seu réxime interior e ao persoal ao seu servizo e poderá ditar regulamentos sobre o seu propio funcionamento e organización, así como sobre o estatuto do seu persoal e servizos dentro do ámbito da presente lei e da de ordenación do seu funcionamento.

Dous. Tamén poderá ditar regulamentos en desenvolvemento, aplicación e execución da súa lei de funcionamento para establecer regulacións de carácter secundario e auxiliar en todo o relativo ao Estatuto do persoal ao seu servizo.

Tres. Os regulamentos deberán ser aprobados polo Pleno e publicaranse no «Boletín Oficial del Estado», autorizados polo seu presidente.»

Tres. Inclúese un novo punto tres no artigo cuarto coa seguinte redacción:

«Tres. Corresponde ao Tribunal de Contas a fiscalización da actividade económico-financeira dos partidos políticos inscritos no Rexistro de Partidos Políticos do Ministerio do Interior, así como a das fundacións e demais entidades vinculadas ou dependentes deles.

Considérase que unha fundación ou unha entidade está vinculada ou é dependente dun partido político cando concorran as circunstancias previstas na Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos.»

Catro. Dáse nova redacción ao artigo sétimo:

«Un. O Tribunal de Contas poderá exixir a colaboración de todas as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas que estarán obrigadas a lle subministrar cantos datos, estados, documentos, antecedentes ou informes solicite relacionados co exercicio da súa función fiscalizadora ou xurisdiccional.

O Estado e as demais entidades integrantes do sector público suxeitas a control do Tribunal de Contas deberanlle facilitar a información económica e financeira que lles soliciten con ocasión da tramitación dos procedementos de control e xurisdicionais. O Tribunal de Contas poderá subscribir convenios de colaboración coa Administración xeral do Estado e demais órganos, organismos e entidades para o acceso á información de que estes dispoñan, de conformidade coa normativa especial que regule a información que se debe subministrar coa finalidade de axilizar e facilitar o exercicio da súa función fiscalizadora e xurisdiccional.

Dous. A petición efectuarase por conduto do ministerio, comunidade autónoma ou corporación local correspondente.

Tres. O incumprimento dos requirimentos do Tribunal poderá supor a aplicación das multas coercitivas que se establezan na súa lei de funcionamento. Se os requirimentos se refiren á reclamación de xustificantes de investimentos ou gastos públicos e non son cumpridos no prazo solicitado, iniciarase de oficio o oportuno expediente de reintegro.

O Tribunal de Contas porá en coñecemento das Cortes Xerais a falta de colaboración dos obrigados a prestarlla.

Catro. Así mesmo, o Tribunal poderá comisionar expertos que teñan titulación adecuada co obxecto de inspeccionar, revisar e comprobar a documentación, libros, metálico, valores, bens e existencias das entidades integrantes do sector público nos supostos a que se refire o artigo cuarto.dous e, en xeral, para

comprobar a realidade das operacións reflectidas nas súas contas e emitir os informes correspondentes.

Cinco. As entidades de crédito estarán obrigadas a colaborar co Tribunal de Contas facilitando a documentación e información que lles sexa requirida. En particular, estarán obrigadas a identificar as diferentes contas que se refiran a fondos dos partidos políticos e fundacións e entidades vinculadas a eles ou dependentes deles, así como as persoas autorizadas a efectuar operacións de disposición con cargo a elas.

No caso de contas en que se ingresen unicamente cotas en concepto de afiliación, deberanse achegar por solicitude do Tribunal de Contas datos sobre saldos e movementos nas datas ou períodos respecto dos cales se solicite. En ningún caso se lle facilitarán, en relación con estas contas, datos que permitan identificar persoas físicas afiliadas aos partidos políticos.

Para o caso das contas abertas en entidades de crédito exclusivamente destinadas a recibir doazóns e das contas en que reciban outras achegas, ademais da información citada no parágrafo precedente, achegarase información sobre a identidade de quen realice as achegas se, neste último suposto, o importe acumulado das achegas nun ano natural excede os 3.000 euros.

Esta información tamén deberá ser obxecto de achega en relación coas entidades e fundacións vinculadas aos partidos políticos ou dependentes deles.»

Cinco. Modifícase o punto un do artigo noveno.

«Un. A función fiscalizadora do Tribunal de Contas referirase ao sometemento da actividade económico-financeira do sector público aos principios de legalidade, eficiencia, economía, transparencia, así como á sustentabilidade ambiental e a igualdade de xénero.»

Seis. Dáse nova redacción ao artigo vinte e un:

«Artigo vinte e un.

Un. O Tribunal en Pleno estará integrado por doce conselleiros de contas, un dos cales será o presidente, e o fiscal.

Dous. O quórum para a válida constitución do Pleno será o de dous terzos dos seus compoñentes e os seus acordos serán adoptados por maioría de asistentes.

Tres. Corresponde ao Pleno:

- a) Exercer a función fiscalizadora.
- b) Suscitar os conflitos que afecten as competencias ou atribucións do Tribunal.
- c) Coñecer dos recursos de alzada contra as resolucións administrativas ditadas por órganos do Tribunal.
- d) Aprobar e modificar os regulamentos do Tribunal de Contas.
- e) As demais funcións que se determinen na Lei de funcionamento do Tribunal de Contas.»

Disposición adicional primeira. *Adecuación da contía de subvencións.*

O importe global da consignación que se inclúe nos orzamentos xerais do Estado para atender as subvencións reguladas no artigo 3 da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, adecuarase anualmente, de acordo coa variación que experimente o gasto total consolidado sen xuros, segundo os orzamentos xerais do Estado.

Disposición adicional segunda. *Protección de datos de carácter persoal.*

Malia os tratamentos expresamente recollidos na presente lei orgánica, os datos contidos na relación anual de doazóns efectuadas por persoas físicas a partidos políticos teñen a condición de datos especialmente protexidos e están suxeitos ao réxime que para esa categoría de datos establece a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Disposición adicional terceira. *Restitución ou compensación aos partidos políticos de bens e dereitos incautados.*

Os dereitos e accións recoñecidos na Lei 43/1998, do 15 de decembro, de restitución ou compensación aos partidos políticos de bens e dereitos incautados en aplicación da normativa sobre responsabilidades políticas do período 1936-1939, poderanse exercer no prazo de dous anos contados a partir da entrada en vigor da presente lei, e unha vez aprobada a norma regulamentaria prevista na disposición derradeira primeira da Lei 50/2007, do 26 de decembro, momento en que empezará a contar o prazo para resolver.

Nese prazo poderase solicitar a revisión dos actos administrativos anteriores, denegatorios do recoñecemento ao dereito a restitución ou compensación, cando a petición se refira aos dereitos definidos no artigo 1 bis da Lei 43/1998, do 15 de decembro, ou se fundamente en que a resolución que se revisará non tivo en conta elementos de proba ou criterios para a súa valoración admisibles consonte o artigo 6 desta norma.

Nas contas anuais farase referencia ás solicitudes de restitución ou compensación presentadas e aínda non resoltas.

Disposición transitoria primeira. *Adaptación dos estatutos.*

Un. Os partidos políticos inscritos no Rexistro deberán adaptar os seus estatutos ao contido mínimo previsto no artigo 3.2 da Lei orgánica 6/2002, do 27 de xuño, de partidos políticos, na primeira reunión que teña lugar tras a entrada en vigor desta lei, os seus órganos que teñan a competencia para levar a cabo tal modificación. Unha vez efectuada a adaptación estatutaria, deberánlo comunicar ao Rexistro de Partidos Políticos, ao cal facilitarán o certificado correspondente e os novos estatutos. Transcorridos en todo caso tres anos desde a entrada en vigor desta lei sen que se producise a dita adaptación e comunicación ao Rexistro, porase en marcha o procedemento previsto no artigo 12 bis da Lei orgánica 6/2002, do 27 de xuño, de partidos políticos.

Dous. Así mesmo, e nese mesmo prazo, se os estatutos xa se axustan ao contido previsto no artigo 3.2 da Lei orgánica 6/2002, do 27 de xuño, de partidos políticos, os partidos deberán comunicar ao Rexistro que non é necesaria a súa modificación pois xa se axusta a ela.

Tres. As contas anuais correspondentes a exercicios vencidos entre a data de entrada en vigor desta lei e a data en que se produza a modificación estatutaria prevista no punto un deberán ser aprobadas polo máximo órgano directivo ou de goberno do partido entre congresos.

Catro. As fundacións e entidades vinculadas aos partidos políticos ou dependentes deles deberán cumprir a obrigaación prevista no punto 1 da disposición adicional cuarta da Lei orgánica 6/2002, do 27 de xuño, de partidos políticos, no prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei.

Disposición transitoria segunda. *Adaptación do Plan de contabilidade.*

Os partidos políticos, federacións, coalicións e agrupacións de electores incluídos no ámbito de aplicación da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, non estarán vinculados ao disposto no Plan de contabilidade adaptado ás formacións políticas, aprobado polo Acordo do Pleno do Tribunal de Contas do 26 de

setembro de 2013 mentres non se proceda, mediante novo acordo do Pleno, á súa adaptación á presente lei de acordo co disposto na disposición derradeira oitava.

Disposición transitoria terceira. *Consolidación de contas de nivel local.*

Os partidos políticos que teñan recoñecida nos seus estatutos autonomía de xestión económica ás súas asembleas locais disporán dun prazo dun ano desde a entrada en vigor do artigo 14 da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, na súa redacción dada polo artigo primeiro.dez, para facer efectiva a consolidación das contas de nivel local.

Disposición derogatoria. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a disposición adicional oitava da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento de partidos políticos.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei orgánica 1/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.*

Introdúcese un novo punto 6 no artigo 90 da LOPX.

«Artigo 90.

1. En cada provincia, con xurisdición en toda ela e sede na súa capital, haberá un ou máis xulgados do contencioso-administrativo.

2. Cando o volume de asuntos o requira, poderanse establecer un ou máis xulgados do contencioso-administrativo nas localidades que mediante lei se determine. Tomarán a denominación do municipio da súa sede e estenderán a súa xurisdición ao partido correspondente.

3. Tamén se poderán crear excepcionalmente xulgados do contencioso-administrativo que estendan a súa xurisdición a máis dunha provincia dentro da mesma comunidade autónoma.

4. Na vila de Madrid, con xurisdición en toda España, haberá xulgados centrais do contencioso-administrativo que coñecerán, en primeira ou única instancia, dos recursos contencioso-administrativos contra disposicións e actos emanados de autoridades, organismos, órganos e entidades públicas con competencia en todo o territorio nacional, nos termos que a lei estableza.

5. Corresponde tamén aos xulgados centrais do contencioso-administrativo autorizar, mediante auto, a cesión dos datos que permitan a identificación a que se refire o artigo 8.2 da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico, así como a execución material das resolucións adoptadas pola Sección Segunda da Comisión de Propiedade Intelectual para que se interrompa a prestación de servizos da sociedade da información ou para que se retiren contidos que vulneran a propiedade intelectual, en aplicación da citada Lei 34/2002 e do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril.

6. Igualmente, coñecerán os xulgados centrais do contencioso-administrativo do procedemento previsto no artigo 12 bis da Lei orgánica 6/2002, do 27 de xuño, de partidos políticos.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.*

Un. Introdúcese un novo punto 3 no artigo 9 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa:

«Artigo 9.

1. Os xulgados centrais do contencioso-administrativo coñecerán dos recursos que se deduzan fronte aos actos administrativos que teñan por obxecto:

a) En primeira ou única instancia nas materias de persoal cando se trate de actos ditados por ministros e secretarios de Estado, salvo que confirmen en vía de recurso, fiscalización ou tutela actos ditados por órganos inferiores, ou se refiran ao nacemento ou extinción da relación de servizo de funcionarios de carreira, ou ás materias recollidas no artigo 11.1.a) sobre persoal militar.

b) En única ou primeira instancia contra os actos dos órganos centrais da Administración xeral do Estado nos supostos previstos no punto 2.b) do artigo 8.

c) En primeira ou única instancia dos recursos contencioso-administrativos que se interpoñan contra as disposicións xerais e contra os actos emanados dos organismos públicos con personalidade xurídica propia e entidades pertencentes ao sector público estatal con competencia en todo o territorio nacional, sen prexuízo do disposto na letra i) do punto 1 do artigo 10.

d) En primeira ou única instancia, dos recursos contra as resolucións ditadas polos ministros e secretarios de Estado en materia de responsabilidade patrimonial cando o reclamado non exceda os 30.050 euros.

e) En primeira instancia, das resolucións que acorden a inadmisión das peticións de asilo político.

f) En única ou primeira instancia, das resolucións que, en vía de fiscalización, sexan ditadas polo Comité Español de Disciplina Deportiva en materia de disciplina deportiva.

2. Corresponderá aos xulgados centrais do contencioso-administrativo a autorización a que se refire o artigo 8.2 da Lei 34/2002, así como autorizar a execución dos actos adoptados pola Sección Segunda da Comisión de Propiedade Intelectual para que se interrompa a prestación de servizos da sociedade da información ou para que se retiren contidos que vulneren a propiedade intelectual, en aplicación da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico.

3. Igualmente, coñecerán os xulgados centrais do contencioso-administrativo do procedemento previsto no artigo 12 bis da Lei orgánica 6/2002, do 27 de xuño, de partidos políticos.»

Dous. Introdúcese un novo capítulo V no título V.

«CAPÍTULO V

Procedemento para a declaración xudicial de extinción de partidos políticos

Artigo 127 quinquies.

1. O procedemento para a declaración xudicial de extinción dun partido político rexerese polo disposto no artigo 78, coas seguintes especialidades:

a) Na demanda, deberá especificarse en cal ou cales dos motivos recollidos no artigo 12 bis.1 da Lei orgánica 6/2002, do 27 de xuño, de partidos políticos, se fundamenta a petición de declaración xudicial de extinción.

b) O prazo de dous meses para a presentación da demanda contará a partir do día seguinte ao vencemento do prazo sinalado no artigo 12 bis.2 da mesma lei.

c) Cando a sentenza declare a extinción do partido, será notificada ao Rexistro para que este proceda a cancelar a inscrición.

2. O Ministerio Fiscal será parte do proceso.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei orgánica 3/1984, do 26 de marzo, reguladora da iniciativa lexislativa popular.*

Modifícase o artigo 13 nos seguintes termos:

«Artigo 13. *Tramitación parlamentaria.*

1. Recibida a notificación que acredite que se reuniu o número de sinaturas exixido, a mesa ordenará a publicación da proposición, que deberá ser incluída na orde do día do Pleno no prazo máximo de seis meses para a súa toma en consideración.

2. A tramitación parlamentaria efectuarase conforme o que dispoñan os regulamentos das cámaras. En todo caso, a persoa designada pola Comisión Promotora será chamada a comparecer na Comisión do Congreso dos Deputados competente por razón da materia, con carácter previo ao debate de toma en consideración polo Pleno, para que expoña os motivos que xustifican a presentación da iniciativa lexislativa popular.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.*

Un. Modifícase o artigo cincuenta e nove.

«Artigo cincuenta e nove.

Mediante orde ministerial fixaranse tarifas especiais para os envíos postais de propaganda electoral ás cales terán dereito a acollerse os partidos concorrentes cun máximo dun envío por elector en cada convocatoria electoral.»

Dous. Modifícase o punto 2 do artigo cento trinta e catro.

«2. Dentro dos douscentos días posteriores ás eleccións, o Tribunal de Contas pronunciarase, no exercicio da súa función fiscalizadora, sobre a regularidade das contabilidades electorais e, no caso de que se apreciasen irregularidades na contabilidade ou violacións das restricións establecidas en materia de ingresos e gastos electorais, poderá iniciar o procedemento sancionador regulado na Lei orgánica 8/2007, sobre financiamento dos partidos políticos, e propor a non adxudicación ou redución da subvención estatal ao partido, federación, coalición ou agrupación de que se trate. Se advertirse, ademais, indicios de condutas constitutivas de delito, comunicarallo ao Ministerio Fiscal.»

Tres. Engádesse un punto 3 ao artigo cento cincuenta e tres.

«3. Ás infraccións electorais consistentes na superación polos partidos políticos dos límites de gastos electorais seralles de aplicación o previsto na Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos.»

Catro. Modifícase a letra a) do punto 3 do artigo cento setenta e cinco.

«a) Aboaranse 0,18 euros por elector en cada unha das circunscricións en que presentase lista ao Congreso dos Deputados e ao Senado, sempre que a candidatura de referencia obtivese o número de deputados ou senadores ou de votos preciso para constituír un grupo parlamentario nunha ou noutra cámara.»

Cinco. Modifícase a letra a) do punto 3 do artigo cento noventa e tres.

«a) Aboaranse 0,18 euros por elector en cada unha das circunscricións en que obtivese representación nas corporacións locais de que se trate, sempre que a candidatura de referencia presentase listas no 50 por 100 dos municipios de máis de 10.000 habitantes da provincia correspondente e obtivese, ao menos, representación no 50 por 100 deles.»

Seis. Modifícase o punto 3 do artigo douscentos vinte e sete.

«3. Ademais das subvencións a que se refiren os puntos anteriores, o Estado subvencionaralles aos partidos, federacións, coalicións ou agrupacións os gastos electorais orixinados polo envío directo e persoal aos electores, en ao menos unha comunidade autónoma, de sobres e papeletas electorais ou de propaganda e publicidade electoral de acordo coas regras seguintes:

- a) Aboaranse 0,13 euros por elector, sempre que a candidatura obtivese ao menos un deputado e, como mínimo, un 15 por 100 dos votos válidos emitidos.
- b) Aboaranse 0,09 euros por elector, sempre que a candidatura obtivese ao menos un deputado e, como mínimo, un 6 por 100 dos votos válidos emitidos.
- c) Aboaranse 0,025 euros por elector, sempre que a candidatura obtivese ao menos un deputado e, como mínimo, un 3 por 100 dos votos válidos emitidos.
- d) Aboaranse 0,016 euros por elector, sempre que a candidatura obtivese ao menos un deputado e, como mínimo, un 1 por 100 dos votos válidos emitidos.

A cantidade subvencionada non estará incluída dentro do límite previsto no punto 2 deste artigo, sempre que se xustificase a realización efectiva da actividade a que se refire este punto.»

Disposición derradeira quinta. *Modificación da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.*

Modifícase o punto 2 do artigo 13:

«2. Non poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora das subvencións reguladas nesta lei as persoas ou entidades en que concorra algunha das circunstancias seguintes, salvo que pola natureza da subvención se exceptúe pola súa normativa reguladora:

- a) Ter sido condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas ou por delitos de prevaricación, suborno, malversación de bens públicos, tráfico de influencias, fraudes e exaccións ilegais ou delitos urbanísticos.
- b) Ter solicitado a declaración de concurso voluntario, ter sido declarados insolventes en calquera procedemento, acharse declarados en concurso, salvo que neste adquirise a eficacia un convenio, estar suxeitos a intervención xudicial ou ter sido inhabilitados conforme a Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- c) Ter dado lugar, por causa da cal fosen declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato suscrito coa Administración.
- d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que desempeñen a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos da Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración xeral do Estado, da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, nos termos establecidos nela ou na normativa autonómica que regule estas materias.
- e) Non estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias ou fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, na forma que se determine regulamentariamente.
- f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

g) Non estar ao día no pagamento de obrigacións por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determinen.

h) Ter sido sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións conforme esta ou outras leis que así o establezan.

i) Non poderán acceder á condición de beneficiarios as agrupacións previstas no artigo 11.3, parágrafo segundo, cando concorra algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.

j) As prohibicións de obter subvencións afectarán tamén aquelas empresas das que, por razón das persoas que as rexen ou doutras circunstancias, se poida presumir que son continuación ou que derivan, por transformación, fusión ou sucesión, doutras empresas nas cales concorren aquelas.»

Disposición derradeira sexta. *Rango de lei ordinaria.*

Teñen o carácter de lei ordinaria a disposición derradeira segunda e a disposición derradeira quinta (modificación da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións) da presente lei.

Disposición derradeira sétima. *Aforamentos.*

Os distintos suxeitos lexitimados promoverán as iniciativas necesarias para limitar a atribución ao Tribunal Supremo e aos tribunais superiores de Xustiza da competencia para o axuízamento de autoridades e cargos públicos.

Disposición derradeira oitava. *Plan de contabilidade adaptado ás formacións políticas.*

O Tribunal de Contas adaptará ao disposto na presente lei, no prazo dun ano desde a súa entrada en vigor, o Plan de contabilidade adaptado ás formacións políticas, aprobado polo Acordo do Pleno do 26 de setembro de 2013. Nesta adaptación atenderase ás peculiaridades das unións, federacións e confederacións e coalicións permanentes de partidos.

Disposición derradeira novena. *Facendas forais.*

1. En virtude do seu réxime foral, a aplicación á Comunidade Foral de Navarra do disposto nesta lei levarase a cabo, segundo o establecido no artigo 64 da Lei orgánica de reintegración e amelloramento do réxime foral de Navarra, conforme o disposto no convenio económico entre o Estado e a Comunidade Foral de Navarra.

2. En virtude do seu réxime foral, a aplicación á Comunidade Autónoma do País Vasco do disposto nesta lei entenderase sen prexuízo do disposto na Lei do concerto económico.

Disposición derradeira décima. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», salvo no relativo ao artigo 14 da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, na súa redacción dada polo artigo primeiro.dez, que o fará o 1 de xaneiro de 2016.

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Sevilla, 30 de marzo de 2015.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY